3.- No presente caso serálle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria e forsatal, en cada caso), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. *Concepto e categorías*

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de





protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por Manuel Ángel Pérez Cameán en representación de **Limpiezas a Dorna de Santa Uxía, S.L.**, de data 25/09/2018 (Rexistro de entrada P.L. nº 1882), no que solicita a habilitación dunha zona de "carga-descarga" nas inmediación do establecemento Limpiezas a Dorna de Santa Uxía, S.L., situado na Rúa Monumento, nº 16 (Riveira).





A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/12/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar o pintado dunha zona de carga-descarga solicitada por **Limpiezas a Dorna de Santa Uxía, S.L.**, que deberá situarse enfronte do citado establecemento e desde o paso de peóns máis próximo, xunto coa correspondente sinal vertical co cartel complementario que inclúa os seguinte texto *“Excepto carga-descarga, laborables de lunes a viernes, de 9:00 a 13:00 y de 15:00 a 20:00 horas”*, según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o escrito presentado por **Juan Pérez Lobera**, de data 13/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.695), no que solicita a instalación de sinalización de prohibición do paso a vehículos de grandes dimensións por un paso estreito situado no lugar de Sirves (Olveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/12/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a instalación de sendas sinais R-203 (“Paso prohibido a vehículos o conxunto de vehículos cuya longitud máxima, incluída a carga, supera a indicada”) coa indicación de lonxitude máxima 10 m, nos lugares que se indican no informe, inmediatamente antes do polideportivo onde hai sitio para manobrar e invertir o sentido da circulación, e no cruce coa estrada CP-7304; según o sinalado no citado informe policial.

3.- APROBACIÓN DAS NOVAS TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2019

Visto o escrito presentado por Luis Francisco Sampedro Martínez en nome e representación da **Asociación de Taxis de Riveira**, de data 20/10/2018, no que solicita a aprobación da revisión das tarifas de autotaxi para a súa aplicación a partir do 01/01/2019, a cal se considera necesaria para manter a rentabilidade económica da actividade de taxi no Concello de Riveira.

Vista a documentación que se achega ao expediente “Estudo económico que presenta a Asociación de Autotaxis do Concello de Riveira, para a aprobación das tarifas de aplicación urbana para o ano 2019”, e visto que a última revisión de tarifas foi no ano 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar as novas tarifas de autotaxi presentadas pola Asociación de Taxis de Riveira para a súa aplicación a partir do 01/01/2019 e según o establecido no seguinte cadro resumo:





Tarifas aprobadas co 10% de IVE incluído

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 1	IMPORTE
Baixada bandeira*	3,65
Km percorrido	1,04
Hora de espera	15,55
Suplementos:	
Cans ou gatos	1,00
Ocupación maleteiro	0,75
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 1	IMPORTE
Baixada bandeira*	4,15
Km percorrido	1,24
Hora de espera	18,66
Suplementos:	
Cans ou gatos	1,00
Ocupación maleteiro	0,75
SUPLEMENTO ESPECIAL	IMPORTE
Nadal e Noitevella	3,00

* A baixada de bandeira de Tarifa 1, inclúe 1.750 metros, ou tempo equivalente.

* A baixada de bandeira de Tarifa 2, inclúe 1.750 metros, ou tempo equivalente.

Aplicación de tarifas e suplementos

TARIFA 1.- Aplicable en días laborables de 06:00 a 22:00 horas

TARIFA 2.- Aplicable en días laborables de 22:00 horas a 06:00 horas, os sábados desde as 15:00 horas ata as 24:00 horas. Domingos, festivos, o 24 e 31 de decembro as 24 horas

Suplemento Especial de Nadal e Noitevella, aplícase:

O día 24 de decembro desde as 23:00 horas e ata as 06:00 horas do día 25 de decembro e 31 de decembre desde as 23:00 horas e ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

Non se cobrará o suplemento por levar cadeiras de minusválidos ou cans lazarillos.

O usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme o disposto no Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio.

4.- CONCESION DE TARXETA DE ARMAS TIPO CARABINA 4.2

VISTA a solicitude presentada por **D. Frank Willington Gálvez Villanueva**, DNI X8278421P, e domicilio en rúa Carlos Casares nº 5, 1º A, Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licencia de "arma tipo carabina"** das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.





CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen vecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos. O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.





6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 12 de decembro de 2018, examen psicotécnico e facturas das carabinas para as que solicita licenza

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro:-Conceder a **D. Frank Willington Gálvez Villan**, licenza para as armas carabinas, tipo 4.2, que se relacionan a continuación:

-Carabina HATSAN STRIKERm 1000 X VORTEX, CALIBRE 5.5, Número 0517 23052.

-Carbina HATSAN STRIKERm 1000 X VORTEX, CALIBRE 4.5, Número 101604528.

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no artigo 54.3 do **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

ACORDO EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA AXENTE TIC (Dinamizador/a da sociedade da información) PARA O CENTRO PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA, CeMIT DE RIVEIRA.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Na data 28/11/2018, Manuel Emilio Pérez Outeiral, concelleiro delegado de promoción económica do Concello de Riveira, emite informe no que da conta da situación na que se atopa o empregado municipal que desempeña os seus servizos como Axente TIC, e solicita a contratación dun/dunha traballador/a para a súa substitución.

SEGUNDO.- Por Providencia da Alcaldía do 3/12/2018, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a contratación dun/dunha Axente TIC, coa emisión dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade de contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

TERCEIRO.- Mediante resolución do 13/12/2018 ditada polo xefe do Departamento de Sociedade da Información, da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización





tecnolóxica de Galicia, rexistrada de entrada na data 13/12/2018 co número 17.706, renóvase de maneira automática, ata o 31 de decembro do 2019, a condición de aula de referencia na rede CeMIT a 64 entidades locais de Galicia, entre as que se atopa o Concello de Riveira, ao verificarse que se cumpren os requisitos establecidos na cláusula terceira do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local asinado o 15 de xaneiro de 2014.

CUARTO.- Na data 17/12/2018 esténdense por esta funcionaria dilixencias de chamamento realizadas ás persoas que están incluídas na bolsa de emprego elaborada por acordo do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha Axente TIC, segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 11/04/2011, publicadas no BOP nº 75 do 19/04/2011, non estando dispoñibles para a súa contratación ningún dos integrantes da referida bolsa de emprego, entendéndose a mesma esgotada, e sendo preciso convocar un novo proceso selectivo do que resulte unha nova bolsa de emprego para a contratación de posibles vacantes ou substitucións para o posto de Axente TIC.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: *“6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180302818
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 28/12/2018		Fecha: 28/12/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/12/2018 10:08:00		Hora: 10:06





desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (*“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”*), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, de ser necesaria a contratación, trataríase da contratación de persoal laboral, polo que como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos (oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos), e, no caso de que a súa contratación sexa temporal, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

TERCEIRO.- Neste ano 2018, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima novena.

As limitacións á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará en atención a determinados sectores e ámbitos de actuación e dependendo do cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e débeda pública e a regra de gasto, da Administración en cuestión.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un.7 do artigo 19).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco do artigo 19).

CUARTO.- No presente caso, trataríase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 6/2018 que dispón o seguinte: *“Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao*





nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

A este respecto, consta no expediente informe emitido na data 28/11/2018 polo Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Riveira e Providencia da Alcaldía do 03/12/2018 na que se xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación: *“Na data 28/11/2018, Manuel Emilio Pérez Outeiral, concelleiro delegado de promoción económica do Concello de Riveira, emite informe que se transcribe a continuación, no que da conta da situación na que se atopa o Axente TIC , e solicita a contratación dun/dunha traballador/a para a súa substitución: “Que por Decreto de Alcaldía de data 01/10/2018 procedeuse a realizar o nomeamento de D. José Luis Martínez Montero como Axente TIC, para a prestación do servizo da xestión da Aula CEMIT do Concello de Riveira, asinado o contrato de traballo de duración determinada, na modalidade de obra ou servizo determinado, iniciándose a relación laboral o 01/10/2018, e prevíndose unha duración do mesmo ata o 31 de decembro de 2018. Que D. José Luis Martínez Montero presentou parte de baixa médica no rexistro xeral do Concello de Riveira o 22/11/2018, sendo a data de inicio da baixa o 21/11/2018 e hoxe, 28/11/2018, comunicou verbalmente que a baixa aínda se pode prolongar polo menos un mes máis. Que o 2 de decembro de 2017 asinouse a VI addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, A.A.PP e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento do Plan de Inclusión dixital no eido da Administración Local, polo que o citado convenio terá vixencia ata o 31/12/2018, polo que o servizo aínda está en funcionamento. Polo exposto, solicito ao departamento de secretaria deste Concello que inicie o correspondente expediente para poder cubrir a baixa do Axente TIC, José Luis Martínez Montero, xa que a Aula Cemit debe estar en funcionamento.” Ao tratarse dunha contratación para a substitución temporal dun traballador, enténdese que **esta contratación ten un carácter excepcional**. Con esta contratación, e en base aos argumentos expostos no informe emitido polo concelleiro delegado de promoción económica, **pretende cubrirse unha necesidade urxente e inaprazable**. Necesidade, debido á falta de persoal para o desenvolvemento das tarefas de posta en funcionamento da Aula Cemit. Urxente e inaprazable, xa que a ausencia do titular do posto de Axente Tic estase a producir neste momento, o que implica que na actualidade existe unha carencia de persoal que dificulta enormemente o funcionamento da referida Aula, na que se presta un servizo cara o cidadán que se considera imprescindible.”*

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19. Dous da citada da Lei estatal, xa que o límite citados polo artigo (*“necesidades urxentes e inaprazables”*) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- En canto á modalidade contractual que podería utilizarse, cómpre realizar as seguintes apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo *“laboral indefinido-non fixo”*, que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a





partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.

En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

SIXTO.- Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada regulado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro. E acudirse a unha ou outra modalidade temporal das recollidas no citado precepto legal, dependendo da causa obxectiva que conorra especificamente prevista para cada unha delas como xustificativa da temporalidade que lle é propia (contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción e contrato de interinidade).

SÉTIMO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/12/2018, e





visto o informe de fiscalización previa limitada emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Declarar esgotada a vixente bolsa de emprego elaborada por acordo do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha Axente TIC, segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 11/04/2011, publicadas no BOP nº 75 do 19/04/2011, e convocar un novo procedemento de elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación mencionada, aprobando as bases que a continuación se transcriben para a realización da mesma.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira e na súa páxina web.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AXENTE TIC (DINAMIZADOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN) PARA O CENTRO PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA, CeMIT DE RIVEIRA.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a creación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal, a través do sistema selectivo de CONCURSO DE MÉRITOS, dun/dunha AXENTE TIC (Dinamizador/a da sociedade da información) para a prestación do servizo denominado “Centro para a modernización e Inclusión Tecnolóxica” ou “CeMIT” do Concello de Riveira, en virtude do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local asinado o 15 de xaneiro de 2014, e da resolución do 13 de decembro de 2018 ditada polo xefe do Departamento de Sociedade da Información, da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia, pola que se resolve renovar de maneira automática a condición de aula de referencia na rede CeMIT ás entidades locais alí relacionadas entre as que se atopa o Concello de Riveira .Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir o posto de traballo antes referido. É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación. Esta bolsa, logo do proceso selectivo, derroga á bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo realizado ao abeiro das bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 11 de abril de 2011, publicadas no BOP da Coruña, número 75, de data 19 de abril de 2011, e estará vixente ata a realización dun novo procedemento de selección.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180302818
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 28/12/2018		Fecha: 28/12/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/12/2018 10:08:00		Hora: 10:06





2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E TAREFAS A DESEMPEÑAR.

Os contratos formalizarase baixo algunha das modalidades de contrato de duración determinada previstas no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, segundo o suposto de que se trate e das necesidades que xurdan nesta Administración, a xornada completa de 37,5 horas semanais, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

Así mesmo, a duración do contrato dependerá da modalidade que se utilice das que figuran no artigo 15 antes referido.

A prestación do servizo denominado “Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica” ou “CeMIT” do Concello de Riveira, implica, por parte do axente TIC, a realización das seguintes funcións:

- Promoción do uso das TIC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e extratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.
- Dinamizar as PEMEs e microPEMEs amosándolles as vantaxes da SI.
- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.
- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación.
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Aportación de datos de seguimento e avaliación das actividades.
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.
- Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información da cidadanía.
- Colaboración na aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no Concello da nova Rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello.
- Estender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180302818
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 28/12/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/12/2018 10:08:00		Fecha: 28/12/2018 Hora: 10:06





persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

- Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas ou de administración de sistemas informáticos en rede, da diplomatura universitaria de enxeñería técnica en informática ou da licenciatura universitaria de enxeñería informática, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, da credencial que acredite a súa homologación ou convalidación no seu caso, expedida polo organismo competente.
- Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
